

Volume

1

ORGANIZACIÓN INTERNA CIG-METAL
AS SECCIÓNS SINDICAIS



Guías de organización

Interna.

As Seccións Sindicais

Executiva Nacional da CIG-METAL

Táboas de contido

| | | | |
|--|----------|----------------------------|-----------|
| Introducción | 2 | | |
| CAPÍTULO 1 | | CAPÍTULO 3 | |
| As seccións sindicais | | Anexos | |
| Limiar | 3 | Notas previas | 8 |
| Definicións | 4 | Consello de fabrica | 8 |
| Legalidade | 5 | Asemblea | 9 |
| Método de legalización | 5 | Regulamento | 10 |
| | | Acta para a empresa | 11 |
| CAPÍTULO 2 | | | |
| As Seccións sindicais dentro de CIG-METAL | | | |
| Importancia orgánica | 6 | | |
| Organismos | 7 | | |
| Composición dos organismos | 7 | | |

Limiar

Damos dende a CIG-METAL un novo paso a na distribución de información que permita un mellor aproveitamento das nosas capacidades, como sindicato.

A primeira destas guías é de organización, as guías de organización, teñen como obxectivo dar un paso máis no coñecemento das nosas estruturas por parte de tódalas persoas que forman parte da nosa federación, independentemente da súa situación ben como cadros sindicais, membros dos organismos ou afiliados e afiliadas de base.

Outro cometido desta guías, e quizais o mais practico, e clarificar o organigrama da nosa federación, en base a os nosos estatutos, a súa integración na Confederación, e nalgúns casos a súa conexión coa lexislación vixente.

Neste primeiro volume, trataremos as Seccións Sindicais, é, por suposto, non é sen intención, xa que por ser o organismo de participación de base da afiliación nas empresas, tende a ter unha organización difuso e o seu funcionamento e capacidade de decisión da lugar a diversos malentendidos.

Se ó anterior engadimos o novo tratamento que teñen nos estatutos do terceiro congreso, e a súa participación directa nos consellos comarcais, estamos seguros que será tamén unha ferramenta moi útil na constitución destes organismos.

As Seccións Sindicais

Limiar

Tanto a Confederación, (CIG), como a nosa federación CIG-METAL, dentro dos seus principios decláranse claramente democráticos, fomentando o asemblearismo como método de participación da afiliación, así como para evitar o individualismo, corporativismo e burocracia, e facilitar a co-responsabilidade nos debates.

As Seccións Sindicais, polo tanto, cumpren con estes obxectivos, e por esa razón son para a nosa federación uns dos organismos chamados a cumprir un papel moi relevante na nosa estrutura, e o seu funcionamento óptimo e conectado coas estruturas, pasa a ter para nos unha importancia vital.

Por todo o anterior, temos que concentrar os máximos esforzos tanto na súa constitución como no seu bo funcionamento, xa que desta maneira potenciaremos a vida interna dos organismos territoriais e subsectores. **Un funcionamento integrado nas estruturas e un respecto máximo polas actitudes democráticas que defendemos e básico para o seu bo funcionamento.**

As actitudes asemblearias pasan por unha organización estruturada das asembleas, xa que do contrario, e moitas veces sen pretendelo, podemos estar propiciando unha utilización das asembleas a vez que eliminamos ou minimizamos a súa función como organismo de co-responsabilidade nos debates.

Xa que logo como premisa básica as asembleas deben de ter suficientemente clarificado, para que se convocan, quen as convoca o método de convocatoria, quen leva o debate e como se toman as decisións. O contrario non pase de ser mais que unha reunión de afiliados e afiliadas.

Calquera funcionamento anómalo da sección sindical provoca inmediatamente o rexeitamento por parte de afiliados e afiliadas, en maior ou menor número, é esta situación ten un desenlace a maioría das veces imprevisible, pero que de calquera maneira provoca situacións que non poden ser asumidas pola nosa federación

Definicións

A definición básica de Seccións Sindicais, independentemente do ámbito que esteamos a falar, confederal, federal ou legal teñen unha coincidencia; son o “**conxunto de afiliados e afiliadas dun sindicato nunha empresa ou centro de traballo**”.

Como ben podemos ver esta é unha definición demasiado abstracta, xa que non diferencia entre tipos de centros, empresas é o que é máis importantes o número de membros do sindicato na empresa ou centro de traballo, o mesmo é unha sección sindical de dous membros que de 700. Pero existen diferencias no tratamento tanto a nivel legal como a nivel federal que trataremos de explicar de aquí en diante.

A sección sindical en xeral podemos tratala como un concepto e os que temos inquietudes asemblearias, tendemos a confundir unha asemblea de sección sindical coa sección sindical, a diferenza consiste en que a asemblea da sección sindical é unha reunión de afiliados e afiliadas que se reúnen a traveso dunha convocatoria e cun obxectivo concreto (orde do día), e polo tanto a constitúen os membros do sindicato presentes, namentres que a sección sindical existe por si mesma.

Polo tanto os estatutos da Confederación, pecan de falta de concreción ó definir as facultades mínimas da sección sindical, xa que non indican quen ten a obriga de exercelas nin facelas cumprir e como dixemos anteriormente a sección sindical son **tódolos membros** do sindicato no centro de traballo e por suposto resulta imposible reunir a tódolos seus membros. Ademais, só as que teñen máis de 100 afiliados e/ou afiliadas, terán a consideración de órgano de goberno.

Dende a federación tratamos de solucionar estes pequenos problemas e definimos os organismos en base a un reparto de responsabilidades dependentes sempre da asemblea da sección sindical. Tamén marcamos un número mínimo de membros a partires do cal nos marcamos a obriga de constituír a sección sindical.

As seccións sindicais de menos de 10 afiliados e/ou afiliadas, non teñen a obriga de constituír organismos, con máis de 10 afiliados e/ou afiliadas teñen que constituír os seus organismos básicos, e as de máis de 100 afiliados e/ou afiliadas, poden constituír un órgano consultivo, se así o decide a asemblea da sección sindical.

En canto a parte legal, as facultades das seccións sindicais están recollidas no título cuarto da Lei Orgánica de Liberdade Sindical (LOLS Lei 11/1985, de 2 de agosto, BOE 08/08/1985), onde aínda que non se fan diferencias en canto o número de membros, teñen distintas facultades dependendo da dimensión da empresa, marcando a diferenza, en canto os dereitos, para as seccións sindicais das empresas de máis de 250 traballadores.

Legalidade

A situación legal das seccións sindicais, como xa dixemos anteriormente, esta recollida na Lei Orgánica de liberdade sindical, e os dereitos básicos son os mesmos independentemente do seu número de traballadores e traballadoras que conformen a empresa.

- ★ Realizar xuntanzas tras a notificación ó empresario.
- ★ Recadar cotas e distribuír información fora de horas de traballo e sen perturbar a actividade normal da empresa.
- ★ Recibir información que lle remita o sindicato.

Cando as seccións sindicais sexan, dos sindicatos máis representativos, ou dos que teñan representación nos comités de empresa, ou conten con delegados e/ou delegadas de persoal, teren os seguintes dereitos.

- ★ Un taboleiro de anuncios, que terá que poñer a empresa e situar no centro de traballo en lugar onde garanta o acceso axeitado por tódolos traballadores e traballadoras.
- ★ A negociación colectiva.

Ademais cando a empresa teña máis de 250 traballadores, as seccións sindicais terán dereito a:

- ★ Utilizar un local axeitado para desenvolver a súa actividade.
- ★ Elixir os seus delegados ou delegadas sindicais.

Todos estes dereitos, poden ser ampliados por medio da negociación colectiva.

Método de legalización

Convocarase unha asemblea de toda a filiación na fabrica ou centro de traballo, se a sección sindical nunca estivo constituída é aconsellable que a convocatoria a realice a estrutura comarcal da CIG-METAL ex. @secretari@comarcal, se xa estivo constituída o responsable saínte convocara a asemblea, da cal se levantara acta e se entregara ó responsable da empresa con acuse de recibo. Se xa existía sección sindical, por medio de un escrito se lle entregarán a empresa os nomeamentos.

Nesa acta debera de aparecer a elección da mesa encargada de levar a asemblea, a elección dun secretario ou secretaria da sección sindical, e si a lugar ós delegados e delegadas sindicais que corresponderan.

A copia desa acta co acuse de recibo, enviarase a oficina de organización da CIG-METAL.

As Seccións Sindicais dentro da CIG-METAL

Importancia orgánica das seccións sindicais

A constitución das seccións sindicais dentro da CIG-METAL, teñen unha alta importancia, xa que delas depende, constituír ou non, os organismos de debate comarcais (Consellos Comarcais), e no caso dos subsectores a súa propia existencia.

A aposta que o III congreso da CIG-METAL fixo pola existencia e o traballo a traveso das seccións sindicais, entre outras cosas para potenciar a participación da afiliación, pasa por unha corresponsabilidade destas nos organismos federais.

Dalgunha maneira cremos na necesidade de ampliar e argumentar estas dúas afirmacións feitas anteriormente.

- ★ Os consellos comarcais teñen que constituírse cos responsables das seccións sindicais, e cos membros electos na asemblea comarcal que non pertencen a ningunha sección sindical. Na practica supón que os afiliados e afiliadas de empresas con máis de 10 afiliados ou afiliadas, non poden ter voz nos consellos comarcais de aí a importancia da constitución das seccións sindicais.
- ★ Os subsectores do naval e automóbil, están formados por os responsables das seccións sindicais dos subsectores correspondentes, pola tanto, na practica, sen a constitución das seccións sindicais, non poden existir os subsectores.

As decisións e capacidade de actuación das seccións sindicais, abarcan unicamente ó centro de traballo ó que representan, son os seus representantes nos organismos, os encargados de transmitir e potenciar os debates que sexan propios de outras estruturas.

organismos das seccións sindicais

En calquera fabrica ou centro de traballo onde existan máis de 10 afiliados e/ou afiliadas a CIG-METAL, teñen que constituírse as seccións sindicais facer un regulamento de funcionamento interno, definir os seus organismos correspondentes así como a composición destes.

Asemblea da sección sindical.- é o máximo órgano da Sección Sindical, será convocada coa periodicidade que marque o regulamento da Sección Sindical ou cando así o decida a Executiva da Sección Sindical, ou por un tercio da afiliación.

Executiva de sección sindical.- é o máximo organismo na empresa entre asembleas, a súa composición e normas de funcionamento serán as recollidas no regulamento.

As funcións de cada un destes organismos está definida nos estatutos, e o deseño corresponde o clásico da nosa federación, un organismo, A Asemblea, ten a capacidade de decisión e debate dos temas importantes da sección sindical, e outro organismo, a executiva, e a encargada de executar as decisións da asemblea e resolver os problemas diarios.

Ademais dos organismos anteriores a asemblea de sección sindical, ten que elixir dous cargos unipersoais.

Secretario ou Secretario da sección sindical.- será o representante público da sección sindical e as súas funcións están recollidas nos estatutos.

Responsables das actas.- é o responsable de facer as actas das reunións dos organismos da sección sindical.

Ademais os estatutos, para as seccións sindicais de máis de 100 afiliados e/ou afiliadas, prevén a existencia do **consello de fabrica**, que solo se constituirá si así o decide a Asemblea da sección sindical, obviamente, e debido a súa definición estatutaria solo debe ser un organismo consultivo.

Composición dos organismos

Se ben ningún dos organismos da sección sindical teñen estipulados un número máximo de membros, no caso da executiva, teñen que formar parte deste tódalas persoas que teñen algunha responsabilidade persoal tanto na sección sindical, como nos organismos unitarios, isto é, delegados e delegadas sindicais, delegados e delegadas do comité de empresa e delegadas e delegados de persoal, así como calquera outro responsabilidade de máis a máis que poida existir na empresa ou centro de traballo, como poden ser os delegados e delegadas de prevención.

Anexos

Os documentos que forman parte de estes anexos, non pretender ser máis que unha axuda para facer os regulamentos da sección sindical, a grande flexibilidade que teñen estatutariamente estes organismos, permiten tomar estes anexos como de mínimo, e convinde non esquecer darlle unha ollada ós estatutos de CIG-METAL, denantes de aumentar as atribucións de calquera dos organismos, para evitar contradicións estatutarias, ou darlle dar responsabilidade a organismos cando correspóndenlle a outros.

NOTAS PREVIAS

Consello de fabrica, xa que este organismo é voluntario, e solo para seccións sindicais de máis de 100 afiliados e afiliadas, non aparece no regulamento, de constituílo, convén poñer nos estatutos o seguinte:

- ★ Número de membros.
- ★ Método de eleccións dos membros.
- ★ Como se xunta e quen o convoca.
- ★ Atribucións e responsabilidade.
- ★ Seria convinde que en algún artigo se recollese a súa capacidade de facer un regulamento interno propio.

Sen esquecer que solo a asemblea xeral ten a facultade de aprobar a súa constitución, e que debера facerse na mesma asemblea que a probe o regulamento da sección sindical.

A propia asemblea constitutiva de sección sindical, ten que realizar as eleccións dos cargos unipersoais e dos representantes que prevén os estatutos, isto é:

- ★ Secretario ou secretaria da Sección sindical.
- ★ Responsable de actas.
- ★ Delégaos ou delegadas sindicais, se os houbera.
- ★ Outros representantes de organismos unitarios.
- ★ Representantes da sección sindical no Consello Comarcal.

Desta asemblea tense que levantar acta e remitila ós organismos nacionais,

Asemblea de Constitución, se é a primeira vez que se constitúe a sección sindical é convida que a convocatoria sexa realizada polo secretario ou secretaria da CIG-METAL, na comarca.

Nesta convocatoria ten que ir claramente manifestado:

- ★ Lugar, data e hora de celebración da asemblea.
- ★ Orde do día onde, só aparecera a constitución e elección de cargos.
- ★ Método de presentación de candidaturas.
- ★ Persoas encargadas da recepción de candidaturas.
- ★ Data e hora tope de presentación de candidaturas.
- ★ De non ir anexa á convocatoria, a proposta de regulamento, débese indicar como se pode conseguir.
- ★ Método para presentar as emendas ó regulamento.

A asemblea ten que elixir en primeiro lugar, tres persoas para formar parte da mesa da asemblea, un presidente ou presidenta, un secretario ou secretaria, e un vocal, os cales levaran os debates na asemblea e firmarán as actas, tanto a da asemblea como a que se encontra no anexo 2 desta guía para entregar á empresa.

Se a sección sindical, xa estaba constituída, e tiña regulamento de funcionamento, ten que realizarse a asemblea de igual maneira, xa que se ten que adaptar ese regulamento ós actuais estatutos. Se non existía regulamento de funcionamento da sección sindical, ou si se quere constituír o consello de fabrica, convén, redactar un novo regulamento en vez de adaptar o regulamento vello.

En caso de que existira previamente unha comunicación á empresa, da constitución da sección sindical, tense que mandar igualmente comunicado á empresa, indicando cales son os novos cargos da sección sindical e quen os ostenta.

REGULAMENTO DA SECCIÓN SINDICAL DE

- Art. 1.- A sección sindical de _____, está composta polo conxunto de afiliados e afiliadas da empresa ou centro de _____,
- Art. 2.- Os órganos de goberno da sección sindical serán os seguintes.
- A asemblea da sección sindical.
 - Executiva da sección sindical.
 - _____
- Art. 3.- A asemblea é o máximo órgano da Sección Sindical, será convocada con carácter ordinario unha vez cada seis meses, e extraordinariamente cando o decida a executiva, ou por un tercio da afiliación.
- Art. 4.- A asemblea da sección sindical será presidida polo secretario ou secretaria da sección sindical, e elixira un responsable de actas que será o encargado de remitir os acordos a Executiva Federal.
- Art. 5.- As funcións da Asemblea da Sección Sindical son:
- Elixir a Executiva
 - Elixir o Secretario ou Secretaria de entre os membros da executiva.
 - Elixir os delegados ou delegadas sindicais e de seguridade se é o caso.
 - Elixir os representantes da Sección Sindical para calquera organismo ou delegación.
 - Aprobar a candidatura para as eleccións sindicais.
 - Aprobar a política sindical no ámbito do Centro de traballo.
 - Todo o relativo a negociación colectiva no ámbito do centro de traballo, incluíndo o asinamento do convenio.
- Art. 6.- A executiva da sección sindical é o máximo organismo entre asembleas, a súa composición será de _____ membros.
- Art. 7.- A executiva da sección sindical, reunirse con carácter ordinario unha vez _____, e extraordinariamente cando así sexa decidido, será convocada polo secretario ou secretaria da mesma, ou a requirimento de 2/3 dos membros do organismo.
- Art. 8.- As Funcións da executiva sección sindical son:
- Dar respostas os problemas urxentes que se presenten na empresa.
 - Controlar as cotas e pasar todo tipo de información ós afiliados e afiliadas.
 - Preparar as publicacións propias da Sección Sindical
 - Presentar á Asemblea as propostas de negociación colectiva.
 - Colaborar solidariamente cos problemas da CIG-METAL.
 - Propor á Asemblea os Delegados ou Delegadas da Sección Sindical.
 - Propoñer á Asemblea as candidaturas de CIG-METAL ás eleccións Sindicais.
 - Xestionar as reclamacións dos afiliados e afiliadas.
 - Decidir sobre cuestións puntuais e de aquelas que lle delegue a Asemblea.
- Art. 9.- Para o mellor funcionamento da executiva, esta poderá nomear as responsabilidades persoais que estime oportunas.
- Art. 10.- O Secretario ou Secretaria da Sección Sindical é o cargo unipersoal elixido pola asemblea de entre os membros da executiva.
- Art. 11.- As funcións do Secretario ou Secretaria da Sección Sindical son:
- Representar publicamente a Sección Sindical.
 - Convocar e presidir as reunións da Executiva
 - Presidir a Asemblea.
 - Coordinar o traballo e as funcións dos membros da Executiva.

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA SECCIÓN SINDICAL DE

En _____ nos locais de _____ sendo as __h e
__minutos, comeza a asemblea convocada para constituír a sección sindical, segundo os estatutos da
Federación do Metal da Confederación Intersindical Galega (CIG-METAL).

Resultan electos para constituír a mesa da asemblea

Presidente/a

Secretario/a

Vocal

Despois de debater o regulamento, resulta aprobado co seguinte resultado:

A Favor _____ En contra _____ Abstencións _____

Sometese tamén a votación o/a secretario/a da sección sindical, resultando elixido/a:

D/Da.

Procedese tamén a elección dos delegados e delegadas sindicais que corresponden segundo a Lei
Orgánica de Liberdade Sindical, resultando elixidos

D/Da.

D/Da.

D/Da.

D/Da.

D/Da.

D/Da.

E para que así conste, asignan a presente en _____ a ____ de _____ de 2003

Presidente/a

Secretario/a

Vocal